

Máxico, vital e desvanecido

Facía moitos anos que non volvía a aquel lugar. O meu corazón latexaba tan forte que pensaba que non ía ser capaz de chegar de novo ata alí. No meu recordo, o paraíso no medio da nada.

Descubrino de casualidade, nun dos meus roteiros pola montaña. Desvieime sen querer do camiño e, de súpeto, esa contorna máxica: unha gran ferverza alimentaba un lago de auga cristalina rodeado dunha frondosa vexetación.

Asombrada por aquela estampa, achegueime ata o bordo para poder gozar mellor da imaxe. Os paxaros cantaban sobre as ramas das árbores, os peixes xogaban na auga e todo, no seu conxunto, desprendía un aroma de frescor infinito que te trasladaba a un mundo máxico. Decidín gardar no meu recordo dita imaxe.

Hoxe, atópome no mesmo lugar, nerviosa por poder volver repetir dita experiencia, pero algo cambiou. Non escoito o canto dos xílgaros e un cheiro a combustible e gas rodéame. Ante min, só máquinas e persoas. O lago desapareceu, a vexetación morreu, a ferverza esfumouse e os animais volatilizáronse. Que ocorreu? Que fai alí todo iso? Onde está a vida? Alguén foi capaz de decidir acabar coa marabilla da natureza para dar paso á extracción e o artificial?